

Fillas de Cassandra presenta *Últimas Dionisiacas*, o seu novo directo, “un convite ao festexo colectivo e catártico” que verá a luz o 16 de febreiro en Vigo

A presentación do novo show de María SOA e Sara Faro, no que estarán acompañadas doutras dúas músicas, terá lugar o venres 16 de febreiro ás 22.00h no Auditorio Mar de Vigo e as entradas xa están á venda en www.teuticket.com

Nestas *Últimas Dionisiacas*, Fillas de Cassandra revisitará os temas máis recoñecidos de *Acrópole*, o seu álbum debut, desde unha electrónica máis escura e potente, mais tamén dará a coñecer temas inéditos que formarán parte do seu próximo LP



Vigo, 4 de xaneiro de 2024.- Logo de derrubar a *Acrópole* e subir aos altares das grandes salas de concertos e festivais do país coas súas letras directas e a forte conexión co público, Fillas de Cassandra bota unha última ollada á polis. Este 2024 o dúo regresa cun novo directo, *Últimas Dionisiacas*, unha proposta na que demostrará que a mestura entre o tradicional, o pop e o techno ten un efecto catártico. A presentación terá lugar o venres 16 de febreiro no hall do Auditorio Mar de Vigo e as entradas están á venda desde esta mesma mañá a través da plataforma www.teuticket.com

Fillas de Cassandra, o dúo conformado por María SOA e Sara Faro, subirase de novo aos escenarios o vindeiro mes de febreiro cunha nova proposta escénica e musical, na que fará unha nova lectura dos temas máis recoñecidos do seu primeiro LP, *Acrópole*, **desde unha electrónica máis escura e potente**; ademais de recuperar algúns dos sinxelos publicados nos últimos meses e **avanzar outros inéditos** para o público.

“*Últimas Dionisiacas* é un espectáculo que aposta polo inédito, que existe só no aquí e agora do directo, sen chegar a reproducirse nunca. Cantos efímeros, revisitacións da Acrópole e parte do que ha de ser o noso próximo traballo discográfico convive nunha única escena atravesada pola luz, a escenografía e moito do in-desvelable”, explica o dúo.

Así, neste novo directo, concibido por Sara Faro e María SOA como un “festexo colectivo e catártico, que só pode acontecer na convivencia entre o público e o palco”, a luz e a escenografía terán un papel moi relevante. Ademais, entre as novidades da proposta, o dúo estará acompañado doutras dúas músicas (Tania Caamaño e Marina Vidal), apostando así pola organicidade do piano, o bombo legüero, as pandeiretas, os pandeiros, violín ou as harmonías vocais en rigoroso directo, mais sen esquecer as bases electrónicas producidas por María SOA e Berto.

A presentación de *Últimas Dionisiacas*, a nova proposta musical e escénica de Fillas de Cassandra, terá lugar o **venres 16 de febreiro no hall do Auditorio Mar de Vigo**. A apertura de portas será ás 21.30 horas e o concerto comezará ás 22.00 horas. As entradas pódense adquirir desde esta mesma mañá, desde 18 euros, a través de www.teuticket.com

Contacto de prensa Fillas de Cassandra

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es

Kit de prensa Fillas de Cassandra

https://www.dropbox.com/sh/mzyq6y8hol54lgc/AAAbmm_tNu-0d0SS1GDxhyPxa?dl=0